

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOAQUINA GALLEGO JORRETO

MATERIA: PT e AL

DEPARTAMENTO: ORIENTACIÓN

DATA: 01/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADENDA PT E AL

ATENCIÓN À DIVERSIDADE

Durante o presente curso académico 2019/2020 este Centro, desenrolará basicamente o principio social de normalización e igualdade a través do apoio técnico, persoal e grupal ó alumnado e ás familias con necesidades educativas especiais que se poidan producir, ocasional ou reiteradamente.

Partindo da *Avaliación Inicial* dos déficits existentes, realizarase unha intervención social mediatizada entre: profesorado de Educación Infantil e Primaria, alumnos, familias, Departamento de Orientación, a fin de dar unha resposta educativa coherente e eficaz ás necesidades detectadas: alumnos procedentes de outras culturas, falta de escolarización...

De acordo coas premisas socioeducativas anteriores establécense de forma puntual e prioritaria os seguintes obxectivos:

- Favorece-la interacción social.
- Desenrola-la comunicación oral e escrita: lecto-escritura.
- Adapta-lo currículo ós alumnos.
- Introducir obxectivos e contidos non contemplados no currículo ordinario.
- Colaborar cos/coas titores/as na elaboración das A.C.I. e R.E. correspondentes.

A Metodoloxía seguida potenciará en todo momento as aprendizaxes máis significativas, priorizando para elo uns obxectivos e contidos, realizando cambios na temporalización, reforzando obxectivos, realizando grupos de aprendizaxe partindo de experiencias coñecidas e favorecendo en todo momento a integración social dos alumnos.

Co fin de acadar estes logros educativos, o profesorado deberá apoiar en todo momento (tempo ordinario e horas de dedicación ó Centro) a estes alumnos, organizando para iso materiais, tempo e espazos de forma flexible e adecuada ás necesidades do momento.

De forma sistemática e continuada realizarase a AVALIACIÓN FORMATIVA E SUMATIVA de todo o proceso seguido e do alumnado, analizando os logros e a consecución dos obxectivos propostos polo Centro, co fin de orienta-lo proceso de axuste continuo do currículo e a programación do Centro.

En Ourense, a 19 de outubro de 2019

Seguindo o recollido na PXA e tras o estado de alarma priorizaranse os seguintes obxectivos:

- Apoiar o alumnado con NEAE.
- Apoiar os/as alumnos/as que seguen o proceso ordinario de ensino aprendizaxe que o precisen, seguindo as pautas marcadas polo/a titor/a ou o profesor de área se é o caso.
- Reforzo educativo dirixido a alumnos/as que poden seguilo proceso ordinario de ensino aprendizaxe, o profesor de área ou materia elaborará o R.E. coa axuda e asesoramento do profesor especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Coordinación entre o especialista de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe co resto de mestres.

Para elo empregaranse os seguintes recursos:

- Páxina web do centro:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/>
- Espazo Abalar/ abalarMóbil.
- Aula Virtual.
- Teléfono e Mensaxería instantánea.
- Correo electrónico.
- Videoconferencia Webex ou, se presentara dificultade, outras máis populares e sinxelas.

Os materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos das distintas áreas, como son:

- Libro do alumno.
- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo e actividades de ampliación.
- Cadernos ou fichas complementarios.
- Recursos dixitais: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que vai canda a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Materiais fóra do currículo ordinario, con valor pedagóxico e manipulativo.
- Fichas de praxias
- Fichas para traballar as distintas dislalias que teña o alumnado.

Procedementos:

- Tarefas semanais adaptadas.
- Fichas de reforzo cando sexa preciso.
- Adaptación dos materiais comúns se fose preciso e do nivel e cantidade segundo cada caso.
- Evitarase sobrecargar ó alumnado e ás familias.
- Se é posible, de xeito oral por conexión telemática ou similar, farase un seguimento por parte do especialista.